

Martes, 18 de agosto de 2020

Núm. 158

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
GONDOMAR

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE

EXPTE.-420/2018

ASUNTO.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE.

ANUNCIO

O alcalde, en data 06/08/2020, ditou o seguinte:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Con data 25.11.2017 (NRS.735/2017 do 28.11.2017) solicítase á Deputación de Pontevedra subvención para a redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Gondomar, ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria da mesma, publicadas no BOPPO nº221, do 17.11.2017 a cal foi aprobada a medio de Resolución da alcaldía do 26.2.2018. EXP.2561/2017.

En data 13.4.2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, acorda, por unanimidade, conceder ao Concello de Gondomar a citada subvención por ter presentada a solicitude en prazo e cumprir cos requisitos esixidos na convocatoria, e cuxo importe ascende á contía de 20.000.-€ posto que, trátase dun municipio de máis de 12.000 habitantes.

Previa tramitación do oportuno procedemento de contratación, por Decreto da alcaldía do 5.2.2019 -corrección de erros do 6.2.2016- adxudicouse o contrato para a “redacción do Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Gondomar” á mercantil GAU ARQUITECTURA E URBANISMO, S.L.P., no importe de 25.333,77.-€ (IVE incluído).

O 30.1.2020, polo xefe do Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais infórmase favorablemente o Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Gondomar pola súa adecuación aos obxectivos propostos.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes e demais documentación que consta no expediente, e de conformidade co establecido no art.21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:LDWSDMECF4BB400M



Martes, 18 de agosto de 2020

Núm. 158

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Gondomar elaborado por gAU Arquitectura e Urbanismo, S.L.p., de conformidade co establecido nas bases reguladoras para a convocatoria de subvencións para “Plan de mobilidade urbana sostible” (BOPPO nº221 do 17 de novembro), condicionado o cumprimento do punto 10 do apartado de “consideracións” do informe dos Servizos técnicos provinciais do 30.1.2020, e téndose en conta na súa presentación as consideracións recollidas no mesmo.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a presente Resolución de aprobación definitiva do Plan de Mobilidade Urbana Sostible, así como na sede electrónica de Concello de Gondomar.

O que manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar á data na que figura a sinatura electrónica, ante min, o secretario accidental, que certifico.”

En Gondomar, na data de sinatura electronica

O alcalde de Gondomar, Juan Francisco Ferreira González

Fdo.: Juan Francisco Ferreira Gonzalez

